



COSTA DE BAIONA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 10 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



- 1-Río Miñor. Ponte da Ramallosa.
- 2-Esteiro dos ríos Miñor e da Groba (A Ramallosa)
- 3-Praia Ladeira
- 4-Peirao do Burgo
- 5-Punta e praia de Santa Marta
- 6-BAIONA. Porto.
- 7-Praia da Ribeira
- 8-Praia Barbeira
- 9-Puntas Cangrexo e San Antonio. Praia da Figueira.
- 10-Monte Real. Punta do Boi ou do Norte.
- 11-Praia dos Frades
- 12-Punta do Gobernador
- 13-Praia Cuncheira
- 14-Punta Sansón
- 15-Monte e punta da Rocha
- 16-Punta Salgueira. O Bombardeiro. Enseada Bombardeira.
- 17-Punta e enseada de Area das Vacas. Río das Fragas.
- 18-Enseada do Tío Andrés.
- 19-Punta de Fornos
- 20-Enseada de Fornos
- 21-As Voltas
- 22-Punta Peso
- 23-Illote Carral
- 24-As Polbeiras
- 25-Cabo Silleiro
- 26-As Negras. Punta das Negras

O concello de Baiona está situado no banda sur da Ría de Vigo. O litoral ten dúas partes contrapostas o fondo da enseada e o esteiro do Miñor onde a costa é protexida, baixa e areosa, e a outra, a partir do monte do Boi ata o cabo Silleiro, rochosa e exposta. Pódese percorrer case todo por espazos acondicionados a non ser na contorna da praia Ladeira. As principais actividades son o turismo, os servizos, a pesca e o marisqueo. Unha parte do territorio está protexido no LIC/ZEC "A Ramallosa".



Costa de Baiona, desde a punta de santa marta ata o Cabo Silleiro

PERCORRIDO

Comezamos na **Ramallosa**, para ter os cruces á dereita, circulando pola estrada da beira do mar e facemos a primeira parada na **praia Ladeira**, a onde nos desviamos pola estrada sinalizada do parque de campismo, logo volvemos á estrada da que podemos desviarnos á dereita para pasar pola trasduna da praia Ladeira, aínda que logo a sinalización nos obriga a volver atrás para incorporarnos á estrada principal, ou continuar directamente pola estrada principal ata o desvío á **punta de Santa Marta** onde temos o **portiño do Burgo**, a capela da santa e unha fermosa panorámica da contorna. Da punta de Santa Marta volvemos á estrada para percorrer a enseada do porto e achegarnos ao recinto do Monte do Boi ou Monterreal, no que podemos facer o percorrido polas murallas ou polo perímetro exterior (uns 2 km) no que hai algúns lugares de interese. Volvendo de novo á estrada, seguimos en dirección á Guarda, para facer varias paradas, nos espazos acondicionados, antes de chegar a **cabo Silleiro** onde podemos dar por rematado o percorrido. Á volta podemos aproveitar para subir á Virxe da Rocha, un espléndido miradoiro sobre a contorna e a ría.



Ponte da Ramallosa, ou ponte da Xunqueira do século XIII, compartida entre Nigrán e Baiona. É unha das pontes de Galiza na que se realizaba o ritual do Bautismo Prenatal.



1-O río **Miñor** fórmase pola conxunción dos ríos de Zamán e Morgadán, que recollen as augas da serra do Galiñeiro. Despois de 16 km desauga entre Baiona e Nigrán. Unha barra de area (praia de Ladeira) pecha parcialmente o estero da Ramallosa.

Baiona, na boca da Ría de Vigo, coas Cíes ao fondo

2-Estero dos ríos Miñor e da Groba (A Ramallosa)

LIC/ZEC A RAMALLOSA

Espazo situado na desembocadura do río Miñor, 92 ha protexidas pertencentes aos concellos de Baiona e Nigrán. É unha zona de marismas separada e defendida do mar aberto pola ampla barra areosa da praia Ladeira.

Este pequeno espazo, ben abrigado e de augas tranquilas e mornas, mantén unha gran diversidade de invertebrados que serven de alimento a numerosas aves mariñas, especialmente limícolas, que teñen nesta zona unha importante área de descanso, sobre todo no inverno.



Garzota



O río da Groba nace na serra da Groba e despois dun percorrido moi encaixado desemboca no esteiro da Ramallosa, en Sabarís, moi preto do Miñor.



3-Praia Ladeira. Aséntase sobre a flecha que tapa parcialmente a desembocadura dos ríos Miñor e da Groba.





4-Peirao do Burgo



5-Punta e praia de Santa Marta



6-BAIONA. Porto.



7-Praia da Ribeira




8-Praia Barbeira




9-Punta Cangrexo




Punta de San Antonio



Punta de San Antonio



Praia da Figueira.



Punta do Boi ou do Norte.



Vista de Baiona desde o alto da Virxe da Rocha. A vila de Baiona é na actualidade un dos centros turísticos máis coñecidos de Galiza que conta cun concurrido porto deportivo. Foi durante os séculos XVI e XVII a base da flota defensiva de Galiza e o lugar da arribada da primeira carabela que viña de América.



10-Monte do Boi co castelo de Monterreal. Hai un sendeiro natural que permite rodealo e desde o que se pode gozar de excelentes vistas da costa.



Punta do Boi



11-Praia dos Frades



12-Punta do Gobernador




13-Praia Cuncheira



Monte Real, vista sur



Costa exterior de Baiona



14-Punta Sansón



15-Monte e punta da Rocha

Virxe da Rocha, imaxe monumental deseñada polo arquitecto Antonio Palacios. Está situada nun outeiro ao pé da vila. A propia imaxe é un miradoiro ao que se ascende por unha escaleira interior.



16-Punta Salgueira



O Bombardeiro



Enseada Bombardeira



17-Enseada de Area das Vacas



Río das Fragas




18-Enseada do Tío Andrés



19-Punta de Fornos



20-Enseada de Fornos



21-As Voltas



22-Punta Peso



23-Illote Carral



24-As Polbeiras



25-Cabo Silleiro, límite sur da boca da ría de Vigo



26-As Negras. Punta das Negras